

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 30 de novembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta de novembro do ano dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelarias Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1538).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de novembro de 2012. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

ALCALDIA

2(1539).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SOAMMA ELECTRICIDAD, POLOS SERVIZOS DE MONTAXE E DESMONTAXE DA ILUMINACIÓN DA FESTA DE SAN ROQUE 2011. EXPTE. 9069/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e RR.PP., conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 23.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente no servizo de montaxe e desmontaxe de iluminación con motivo da Festa de San Roque de Vigo ,patrocinada pola Alcaldía, realizadas por Xoamma Electricidad co cif B-36906840

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Xoamma Electricidad, co cif B-36906840, polas contías que deseguido sementan:

PARTIDA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
912.0.222.01.01(Rec.Extr facturas Xoamma Electricidad)	144	15/08/11	4.366,00 €	Montaxe e desmontaxe iluminación Festa de San Roque

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor de Xoamma Electricidad co cif B-36906840. por importe de 4366,00€, conxunte coa factura arriba expresada e con cargo a partida 912.0.222.01.01 “Rec.Ext.Crd. Xoamma Electricidad , gastos de servizo de montaxe e desmontaxe iluminación con motivo da Festa de San Roque 2011 realizado por Xoamma Electricidad .

ASESORIA XURIDICA

3(1540).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

a) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 173/2012 P.A. Demandante: D. ALBERTO LEDO OLCOZ E AXA SEGUROS GENERALES, S. A. Obxecto: Resolución do 24/09/2012 por danos en vehículo. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7416/111.

b) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 216/2012 P.A. Demandante: D. DANIEL GUERRERO DÍEZ. Obxecto: Resolución do 17/02/2012 por caída na vía pública. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7440/111.

c) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 233/2012 P.A. Demandante: “FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA”. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 15/03/2012. Esta sentenza, firme, estima o recurso. Expte. 7514/111.

- d) Sentenza do X. de Primeira Instancia nº 2 de Vigo no Xuízo Ordinario nº 233/2012. Demandante: COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS DE TEIS. Obxecto: Acción reivindicatoria sobre unha franxa de terreo. Esta sentenza, que non é firme, estima a demanda. Expte. 7264/111.
- e) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 284/2012 P.A. Demandante: D. STEFAN BREZOI DORIN. Obxecto: Resolución do 27/09/2012 danos producidos pola caída dunha árbore. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7586/111.
- f) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 242/2012 P.A. Demandante: PARQUETS ELOY S.L E OUTRA. Obxecto: Resolución do 28/09/2012 danos en vehículo. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7588/111.
- g) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 279/2012 P.A. Demandante: D. EMILIO COSTAS FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 26/12/2011: “arquivo”. Esta sentenza, firme, estima o recurso. Expte. 7578/111.
- h) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 267/2012 P.A. Demandante: D. SAÚL VIDAL HERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 31/08/2012 por estacionamento incorrecto. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7562/111.
- i) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 227/2012 P.A. Demandante: D. CARLOS MONTENEGRO DOMÍNGUEZ. Obxecto: Dilixencia de embargo de inmovible. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7446/111.
- l) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 241/2012 P.A. Demandante: D. FÉLIX CHÁVEZ BAUTISTA. Obxecto: Resolución do 20/09/2012 por caída na vía pública. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7566/111.
- m) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 254/2012 P.A. Demandante: D^a. DOLORES RIVERA CARBALLO. Obxecto: reclamación de taxas de lixo. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7553/111.
- n) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 243/2012 P.A. Demandante: D^a. M^a PILAR GONZÁLEZ GARCÍA. Obxecto: Resolución do 11/04/2012 por execución forzosa de multas de tráfico. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7455/111.

ñ) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 104/2012 P.A. Demandante: D^a. MÓNICA TABOADA DOMÍNGUEZ. Obxecto: Resolución do 20/01/2012 por danos en vehículo. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7337/111.

o) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 296/2012 P.A. Demandante: D^a. M^a JOSÉ MARTÍNEZ LAFUENTE. Obxecto: Resolución do 10/10/2012 danos en reixa comercial por obras aparcadoiro Jenaro de la Fuente. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7606/111.

p) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 212/2012 P.O. Demandante: OBRAS Y CONSTRUCCIONES ALLEN S.A. . Obxecto: Resolución do 27/03/2012 (inadmisión). Subhasta inmobles. Esta sentenza declara a caducidade do recurso. Expte. 7438/111.

q) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 102/2012 P.O. Demandante: MIRAFLORES VIGO S.A. Obxecto: Liquidación I.C.I.O. Esta sentenza, que non é aínda firme, estima o recurso. Expte. 7276/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

ATENCIÓN CIUDADA

4(1541).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA “MONTE DA MINA”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5769/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 13.11.2012, conformado polo xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá e polo concelleiro de Emprego, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 16.11.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 19.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2012, a favor de Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos (CIF.- G-36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2012, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos

de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 9.000 € (nove mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES E PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS (ANO 2012)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 35967067, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm.5769/320.

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte da instalación do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. Monte da Mina, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos", de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc.), etc...*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación

Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas para o ano 2012, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2012), a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 9.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2012, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO	
Gastos de persoal	761,88 €
Seguridade Social	138,16 €
Seguros	283,50 €
Luz	620,80 €
Auga	73,66 €
Combustible calefacción	239,58 €
Teléfono	154,10 €
Gastos administración	269,63 €
IBI	10.052,33 €
TOTAL	12.593,64 €

VIII.- Que a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1ª

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas	14,60 x 7,40	108,04 m ²
Sala de xuntas	5,45 x 5,80	31,61 m ²
Primeiro soto		
Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 m ²
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 m ²
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 m ²
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 m ²
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 m ²
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 m ²
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 m ²
Núm. 11	5,35 x 4,30	22,90 m ²

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, namentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociación.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.
3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.
4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para o 2012, conforme a proxecto achegado.
5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.
9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", do vixente orzamento municipal (2012), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2012, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de persoal, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, seguros, etc...

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2012.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
 - O concelleiro de Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia.
 - O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina":
 - Presidente da asociación.
 - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:
 - *Un representante de cada unha das asociacións participantes.*

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, como máximo, ata o **día 15 de decembro** do ano que andamos, que xustifique o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

- a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación

c) Unha memoria económica, xustificativa do custe das actividades subvencionadas, segundo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, encabezada por unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do acredor (nome e CIF), obxecto do gasto, nº e data do documento xustificativo, importe e, no seu caso, data de pago, IVE/IRPF e importe total. Deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, e o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tickets de caixa.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura, de ser o caso, serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente (para o caso das contas

xustificativas parciais), Modelo 190, de retencións e ingresos a conta do IRPF, que inclúe resumen anual e relación de perceptores (que acompañará a conta xustificativa final), coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e recibos de liquidación de á Seguridade Social acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- cando se xustifiquen gastos de persoal, fotocopia do contrato de traballo.

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE.

- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, fotocopia do contrato de arrendamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen viventes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente

(artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5073 09 3040002195 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen ao longo do ano 2012.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo

Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A vixencia deste convenio esténdese aos gastos realizados dentro do ano natural (2012), sen prexuízo das limitacións impostas polo prazo de xustificación.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2012.

BENESTAR SOCIAL

5(1542).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 209/16, 2564/13 E 834/13.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 15 e 19.11.2012, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D. Venancio Fernández Vázquez. Expte.209/16.
- D. Amadeo Goncalves Figueriras. Expte. 2564/13
- D. Ramon Fernández Vázquez. Expte. 834/13

6(1543).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS, NO MES DE SETEMBRO. EXPTE. 1883/315.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 29.10.2012, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 20.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de setembro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona", minorando dito importe do RC 201200062495 de 114.741.84 euros.

7(1544).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EMAUS FUNDACION SOCIAL, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA -VIA- NO MES DE OUTUBRO 2012. EXPTE. 79436/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 19.11.2012, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 22.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 7.559,41 euros, a favor de "EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL", Cif. G-20486825, pola prestación dos servizos de xestión do programa de transición á vida autónoma -VIA- no mes de outubro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 7.559,41 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.09 "Programa pisos de acollida" ou a súa bolsa de vinculación.

CONTRATACION

8(1545).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VALORIZACIÓN DA MISTURA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DA CIDADE DE VIGO COA SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE S.A. EXPTE. 3352/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 21.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos de valorización da mistura dos residuos municipais da cidade de Vigo coa Sociedade Galega de Medio ambiente S.A. (expediente 3352-252) no seguinte orde decrecente:

1. SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, 1.SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”

9(1546).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A NEA F3 IBÉRICA. EXPTE. 6180/113.
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 26.11.2012, e co informe do Interventor Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

“Devolver a NEA F3 IBERICA, S.L. a garantía de 4.968,00 euros constituída para responder do subministro, mediante arrendamento de fotocopiadoras para as dependencias municipais do Concello de Vigo, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 17 de outubro de 2007 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

DEPORTES

10(1547).- AUTORIZAR Á AA.VV. DE SAN XOÁN POULO, A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 2.12.12, A VI CARRERA POPULAR FERNANDO NOGUEIRA. EXPTE. 11655/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a A.VV. De San Xoán Poulo, a organizar o vindeiro domingo 2 de decembro de 2012, a “**VI CARRERA POPULAR FERNANDO NOGUEIRA**”, esta carreira está previsto que teña a súa saída dende a Igrexa de San Xoán Poulo, percorrendo as rúas de San Xoán Poulo, Cantabria, Poulo, e Vista do mar, dita carreira rematará ás 12.30 horas aproximadamente”

EMPREGO

11(1548).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE AA.VV. DE VIGO “EDUARDO CHAO”.EXPTE. 9183/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 30.10.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 20.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **Federación de AA.VV. de Vigo'Eduardo Chao'**, con CIF: **G36681708**.
2. Autorizar o gasto de 135.961,26 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don **María Pérez González**, como **Presidenta da Federación de AA.VV. de Vigo'Eduardo Chao'**, con CIF: **G36681708**, e enderezo social en **Praza da Princesa, 7-2º, 36202 Vigo**, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sindicais, asociacións veciñais, fundacións, federacións, etc...

de tal xeito que se mellore a prestación de servizos a cidadanía mediante a información, formación, asesoramento de cara a búsqueda de emprego, o autoemprego así como o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a Federación de AA.VV. de Vigo 'Eduardo Chao', conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- A consecución dos medios materiais, sociais e culturais que fagan da nosa cidade un lugar digno onde vivir e convivir.
- A participación en todas aquelas iniciativas, ben individuais ou colectivas, que teñan por obxectivo a consecución dalgún dos fins desta Federación, ou ben, estean encamiñadas cara a defensa ou mellora dos dereitos e liberdades públicas das persoas, colectivos ou pobos en xeral.
- A reivindicación constante dunha maior participación cidadán nas cuestións públicas.
- A loita contra a especulación do solo.
- A mellora de calidade de vida, e esixencia dunha maior participación dos veciños en tódalas decisións que lles afecten.
- A desaparición dos desequilibrios entre barrios.
- A defensa preferente dos dereitos dos vellos, dos nenos e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e explotadas, na procura de que na nosa cidade haxa lugares onde se poida xogar educarse, xuntarse e convivir.
- A defensa dos dereitos das mulleres dentro e fora da Federación, a denuncia de malos tratos.
- A busca da unidade de tódolos veciños e veciñas de Vigo, e por conseguinte, das súas organizacións representativas.
- A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola Federación.
- A crítica daquelas persoas que provoquen situacións de inxustiza tanto social como económica.
- *A defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus aspectos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo e formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e da veciñanza en xeral nos barrios e parroquias, pola Federación de AA.VV. de Vigo 'Eduardo Chao', impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas desempregadas empadroadas en Vigo relacionada coa Información ao público, a xestión administrativa, a dinamización sociocultural e bibliotecaria e atención a persoas dependentes, mediante a realización das actividades apoio organizativo ás asociacións veciñais federadas, cara a mellora da súa eficiencia, posibilitar a apertura regular e dinamizar as bibliotecas e salas de lectura das asociacións veciñais federadas, crear unha rede de dereitos sociais complementaria da rede asistencial pública e por en marcha un servizo veciñal de atención social a persoas dependentes.

V.- Que a **Federación de AA.VV. de Vigo 'Eduardo Chao'** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da **Federación de AA.VV. de Vigo 'Eduardo Chao'**, o Concello de Vigo e a dita **Federación de AA.VV. de Vigo 'Eduardo Chao'** convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A **Federación de AA.VV. de Vigo 'Eduardo Chao'**, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas desempregadas empadroadas en Vigo relacionada coa Información ao público, a xestión administrativa, a dinamización sociocultural e bibliotecaria e atención a persoas dependentes, mediante a realización das actividades de:
 - a) Apoio organizativo ás asociacións veciñais federadas, cara a mellora da súa eficiencia.

- b) Posibilidar a apertura regular e dinamizar as bibliotecas e salas de lectura das asociacións veciñais federadas.
 - c) Crear unha rede de dereitos sociais complementaria da rede asistencial pública.
 - d) Poñer en marcha un servizo veciñal de atención social a persoas dependentes.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
 3. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
 5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
 6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
 7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xera, o seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da **Federación de AA.VV. de Vigo'Eduardo Chao'**
3. Conceder directamente á **Federación de AA.VV. de Vigo'Eduardo Chao'** unha subvención total por importe de 135.961,26 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

4. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
5. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
6. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade **Federación de AA.VV. de Vigo'Eduardo Chao'**.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 15 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente

pola **Federación de AA.VV. de Vigo'Eduardo Chao'** no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

ESTADÍSTICA

12(1549).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE DISMAC, POLA SUBMINISTRACIÓN DE PORTAFOLIOS NO DÍA DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA. EXPTE. 12733/234.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Estatística, do 31.10.2012, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, e co informe do Interventor Xeral, do 23.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar indemnización substitutiva a favor da empresa "DISMAC" polo importe de 217,80 € con cargo á partida 9230 2270500.

2.- Recoñecer a obriga s favor da empresa "DISMAC" co CIF: B-36062180, polo importe de 217,80€ , con cargo á partida 9230 2270500.

FESTAS

13(1550).- BASES DE PARTICIPACIÓN PARA O CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2012-13". EXPTE. 4794/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Festas, do 19.11.2012, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 22.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

"Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso 'Vente cos Reis Magos' 2012-13 e que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2013".

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2012-13"

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de

2013. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Carteiro Real.

2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2004, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.

4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 10 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 17 de decembro de 2012.

5. O sorteo realizarase o día 20 de decembro de 2012, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.

6. No sorteo, ademais dos nenas e nenos seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.

7. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Cultura e Festas, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.

8. O Concello de Vigo ofrecerá ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.

9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.

10. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

FOMENTO

14(1551).- MEMORIA VALORADA PARA EXECUTAR AS OBRAS DE “COMPLEMENTARIO RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NO CAMIÑO GARAGULLA-BEMBRIVE”. EXPTE. 1265/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 14.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 21.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a memoria valorada para executar as obras de “Complementario Renovación da rede de abastecemento no Camiño Garagulla - Bembrive”, por un importe de 5.077,82 € (IVE EXCLUÍDO).

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras a “Aqualia ”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 5.077,82 € (IVE EXCLUÍDO) e con cargo ao saldo da “Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.

15(1552).- MEMORIA VALORADA PARA EXECUTAR AS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA DONA FERMINA DENDE O Nº 16 AO 30-TEIS”. EXPTE. 1536/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 14.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 21.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a memoria valorada para executar as obras de “Renovación da rede de abastecemento na Rúa Dona Fermina dende o nº 16 ao 30 – Teis ”, por un importe de 39.712,96 € (IVE EXCLUÍDO).

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras a “Aqualia ”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 39.712,96 € (IVE EXCLUÍDO) e con cargo ao saldo da “Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.

16/(1553).- MEMORIA VALORADA PARA EXECUTAR AS OBRAS DE “SUBSTITUCIÓN DE VÁLVULAS E CALDERERÍA DA EBAR DE CANIDO. EXPTE. 688/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 14.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 21.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a memoria valorada para executar as obras de “Substitución de válvulas e calderería da EBAR de Canido”, por un importe de 6.328,57 € (IVE EXCLUÍDO).

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras a “Aqualia ”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de **6.328,57 €** (IVE EXCLUÍDO) e con cargo ao saldo da “Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.

17(1554).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 21.09.2012, NO QUE SE PROPOÑÍA A DEVOLUCIÓN DA FIANZA A NOME DE COPROIM, S.L. E PROPOÑER A DEVOLUCIÓN DE FIANZA A NOME DE MARTÍNEZ GARRIDO, 108 COMUNIDADE DE PROPIETARIOS. EXPTE. 67014/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Rectificar o acordo adoptado en sesión de 21/09/2012, no que se propoñía a devolución da fianza a nome de Coproim, S.L., e propoñer a devolución da fianza por importe de 314,54 (trescentos catorce con cincuenta e catro euros) a nome Martínez Garrido, 108 Comunidade de Propietarios.

MOBILIDADE, SEGURIDADE E TRANSPORTES

18(1555).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DA MIÑOCA, Ó NON HABER DANOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO MAGOSTO O DÍA 3.11.2012. EXPTE. 84069/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefa de Transportes, do 20.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza en metálico achegada en data 19 de outubro pola Asociación Veciños Praza da Miñoca CIF G 36842284 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dun magosto o día 03 de novembro de 2012 na Praza da Miñoca, xa que non houbo danos nos espazos solicitados.

PARQUE MOBIL

19(1556).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA “GROUPAMA PLUS ULTRA SEGUROS E REASEGUROS”. EXPTE. 9378/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo do Parque Móbil, do 31.10.2012, conformado polo concelleiro delegado de Fomento, co informe do Asesor Xurídico, do 6.11.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 20.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á Nota de Cargo nº 2012/006012 de data 11 de setembro de 2012, presentada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo pola Correduría de Seguros B.V.C. Artai S.A.con data 17 de setembro, correspondente á prestación por Groupama Plus Ultra Seguros y Reseguros durante o segundo trimestre do presente exercicio 2012.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Groupama Plus Ultra Seguros y Reaseguros”, polo importe de 74.392,65 euros para a prestación antes indicada que figura na referida Nota de Cargo.

Terceiro.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida Aseguradora e polo indicado importe, con cargo á aplicación orzamentaria 9222.224.00.00 “Seguro de vehículos” do vixente orzamento municipal. O importe deberá facerse efectivo na conta ao efecto da Correduría B.V.C. Artai, S.A., tal e como figura na Nota de Cargo para o seu abono á Aseguradora.

PATRIMONIO

20(1557).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A., POLA LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, DURANTE O MES DE SETEMBRO 2012. EXPTE. 73/242.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 29.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, e co informe do Interventor Xeral, do 15.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., a cantidade de 185.177,58 euros, corresponde ó adeudado á empresa perante o mes de setembro de 2012, pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo, que se imputarán a partida presupostaria 9220.2270000.

RECURSOS HUMANOS

21(1558).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2012. EXPTE.23642/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 13.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 16.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Outubro-2012, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

22(1559).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2012. EXPTE. 23640/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 13.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 16.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Outubro de 2012, e que ascenden a un total de 1.335'88 € (mil trescentos trinta e cinco con oitenta e oito céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

23(1560).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2012. EXPTE. 23638/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 13.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 16.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Outubro-2012 e que ascenden a un total 349,93 € (trescentos corenta e nove euros con noventa e tres céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

24(1561).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2012. EXPTE. 23637/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 13.11.2012,

conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 16.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Florentino Prieto Domínguez, a cantidade que figura na relación que se achega e que ascende a un total de 118'04 euros (cento dezaoto euros con catro céntimos), correspondente ao mes de Outubro de 2012 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

25(1562).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2012. EXPTE. 23643/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 13.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 16.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORT E FESTIVA S	IMPORTE NOCTURNA S	IMPORT E TOTAL
Alcaldía	Outubro	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	518,58	97,92	616,50
Policía Local	Outubro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan G	42.199,72	28.491,34	70.691,06
Policía Local	maio	De Carballo Acuña, Francisco J	144,72	0,00	144,72
Policía Local	2011/2012	De Villar Da Vila, Emilio José	836,16	0,00	836,16
Parque Móbil	Outubro	De Amoedo Moreira, José Luis a Troncoso Martínez, Avelino	671,34	691,56	1.362,90
Extinción Incend	Outubro	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Comesaña, José A	4.293,36	856,80	5.150,16
Cemiterios	Outubro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.768,83	0,00	2.768,83
Montes, Parques e Xardíns	Outubro	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.	361,80	0,00	361,80
Limpeza	Outubro	De Chenlo Barros, Alberto a Hermida Sanmartín, Juan José	209,04	413,44	622,48

Desinfección	Outubro	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	96,48	87,04	183,52
Parque Central	Outubro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	964,80	758,88	1.723,68
IMD	Outubro	De Alves Cerqueira, Antonio	174,87	12,24	187,11
TOTAIS			53.239,70	31.409,22	84.648,92

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 84.648,92 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

26(1563).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a PAZ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 23609/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, do 31.10.2012, que di o que segue:

Con data 30 de outubro de 2012, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 120125279), D^a. Paz Fernández Fernández (DNI 03.821.230-X) e nº de persoal16662, asistente social, con posto de traballo de Xefa Benestar Social, adscrita ao Servizo Benestar Social, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado da súa nai, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais

O art. 76.1.k), do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta informe médico do estado de salud da súa nai.

Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

“Autorizar a D^a. Paz Fernández Fernández (DNI 03.821.230-X) e nº de persoal16662, asistente social, con posto de traballo de Xefa Benestar Social, adscrita ao Servizo da Benestar Social, un permiso retribuído do 31 de outubro ao 29 de novembro de 2012, ambos inclusive, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado da súa nai.”

DECRETO:

Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

A presente resolución comuníquese a interesada, Sr. Xefe de Contratación, Xefa da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local para coñecemento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

27(1564).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a GABRIELA ROMERO BANDEIRA. EXPTE. 23581/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, do 29.11.2012, que di o que segue:

Con data 5 de novembro de 2011, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 120127194), D^a Gabriela Romero Bandeira (DNI 36.035.364-E) e nº de persoal 15013, administrativa de administración xeral, adscrita ao Servizo da Contratación, solicita, que o permiso autorizado por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal con data 25 de outubro de 2012, poda ser utilizado de xeito discontinuo ao longo do período da enfermidade, ata un máximo de 5 meses.

A interesada con data 23 de outubro de 2012, solicitou un permiso retribuído para atender ao coidado da súa nai, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia por un período de un mes.

Dado que dito artigo contempla que se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada non existiría ningún inconveniente en acceder ao solicitado, non obstante debe establecerse un tempo máximo para o seu disfrute e que por motivos organizativos, dentro da potestade de autoorganización das Administracións Públicas, considerase oportuno fixar un prazo máximo de 3 meses.

Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

“Autorizar a D^a. Gabriela Romero Bandeira (DNI 36.035.364-E) e nº de persoal 15013, administrativa de administración xeral, adscrita ao Servizo da Contratación, ao disfrute do permiso retribuído autorizado por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de data 25 de outubro de 2012, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado da súa nai para que poda ser disfrutado separadamente, co límite máximo de 3 meses que finalizará o 29 de xaneiro de 2013”

DECRETO:

Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

A presente resolución comuníquese a interesada, Sr. Xefe de Contratación, Xefa da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local para coñecemento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

28(1565).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL DA FUNCIONARIA D^a MARTA NÚÑEZ ABOY. EXPTE. 23620/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, do 6.11.2012, que di o que segue:

A medio de instancia de data 29/10/2012 (doc. núm. 120124371), a funcionaria de carreira con praza de administrativo de admón. xeral e posto de Xefa Oficina Administrativa Programación Cultural D^a Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22, motivado na adscrición a un posto de nivel cd 22 durante máis de 2 anos sin interrupción.

Dos datos obrantes no expediente persoal da interesada, conséntase que por resolución do Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 10 de novembro de 2010, foi adscrita provisionalmente ao posto de Xefa Oficina Administrativa Programación Cultural, sendo nomeada para dito posto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5/8/2011, publicado no BOP o 31 de agosto seguinte, en virtude do Concurso de Traslados correspondente ao ano 2011, posto ao que está adscrita na actualidade.

I.-De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerese polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respetarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non esté reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo

desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Ley 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

“Recoñecer a funcionaria de carreira con praza de administrativo de admón. xeral e posto de traballo de xefe Oficina Administrativa Programación Cultural, D^a Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados do dito posto co citado nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

RESOLVO de conformidade coa proposta que antecede, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

29(1566).- RECTIFICACIÓN ERRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 05/10/2012, RELATIVO A ABONO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL, AO EMPREGADO MUNICIPAL D. ELADIO PUENTES RODRÍGUEZ. EXPTE. 23646/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 12.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 5/10/2012, dispoñendo o necesario reintegro do importe de 192'66 € aboado ao empregado municipal don Eladio Puentes Rodríguez, con DNI nº 36.021.746-C, e nº persoal 14947, por duplicidade errónea no pago do mesmo.

Segundo.- Dispoñer que deberá procederse pola Tesourería Municipal ao reintegro de dita cantidade aboada indebidamente na nómina, de conformidade co previsto na Base 22 das de Execución do vixente orzamento presupostario.

Terceiro.- Dispoñer que, a Intervención Xeral deberá reintegrar a contía de 192,66 euros á partida presupostaria 922.0.150.00.00-Produtividade”.

30(1567).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE REINCORPORACIÓN AO CORPO DA POLICÍA LOCAL DA FUNCIONARIA D^a M^a BEGOÑA LIBOREIRO MEIRA. EXPTE. 23652/220.

Dáse conta do informe xurídico da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 13.11.2012, e da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal da mesma data, que di o que segue:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 27/09/2012 (documento administrativo nº 120111139) D^a M^a Begoña Liboreiro Meira, con nº de persoal 14.380, funcionaria municipal con praza de auxiliar de administración xeral, adscrita a posto de traballo de igual denominación existente no Servizo de Medio Ambiente, solicita “a reincorporación á Policía Local”.

2.- Obra incorporado ao expediente administrativo incoado informe asinado polo asesor xurídico da Policía Local, conformado polo Superintendente Xefe do Corpo, informando favorablemente o eventual reingreso (supeditado ao cumprimento de determinadas condicións de reincorporación a cumprimentar pola solicitante) sempre a salvo da resolución que se dicte en relación ao reingreso solicitado.

3.- Consultado o expediente persoal da interesada, así como os expedientes administrativos correspondentes ao “Concurso de Traslados 1989” solicitados ao Arquivo Municipal, resultan os datos seguintes:

- ▣ A solicitante tomou posesión como funcionaria de carreira do Concello de Vigo, con praza de policía municipal, o 01/02/1983, segundo acta de toma de posesión.
- ▣ Por acordo da Comisión Municipal Permanente de 12/12/1983 procedeuse ao recoñecemento dos servizos prestados por tempo de 1 ano e 3 meses de servizos, derivados dun vínculo contractual en réxime laboral previo á toma de posesión indicada no apartado anterior, para o desempeño de funcións de policía municipal, nivel 4, coeficiente 1,17 (contrato laboral de data 29/12/1981).
- ▣ Por Decreto da Alcaldía de 30/05/1990, e tras a realización do concurso de traslados correspondente a 1989, resolveuse designar a D^a M^a Begoña Liboreiro Meira “*para ocupar plaza de auxiliar administrativo*” (literal) indicándose igualmente no citado acto administrativo que “*La Resolución se retrotraerá a la fecha desde la cual Ud. viniese desempeñando dicha plaza, con el límite del 1 de enero de 1988. Para ese reconocimiento deberá presentar la oportuna solicitud en modelo oficial, haciendo constar expresamente la fecha desde la cual la solicita*”. Decreto que lle foi notificado á interesada o 08/06/1990, segundo acuse de recibo obrante no expediente persoal, non constando no mesmo solicitude de retroacción ata unha data non anterior ao 1 de xaneiro do 1988, sen prexuízo do cal, o acto administrativo indicado desplegau os plenos efectos, en todo caso, dende a data da notificación (08/06/1990), non constando igualmente a interposición de recurso administrativo ou xudicial contra o Decreto da Alcaldía descrito.

- Dende a dita data, a funcionaria desempeñou os seus servizos como auxiliar de Administración Xeral en diversos servizos municipais, continuando na actualidade no desenvolvemento das mesmas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A solicitude formulada ten por obxecto o exercicio dunha pretensión de autorización dun eventual reingreso ou reincorporación ao corpo da Policía Local por parte dunha funcionaria que, á data de hoxe, e sempre segundo os datos indicados nos antecedentes –extraídos do seu expediente persoal- é titular dunha praza de auxiliar de Administración Xeral; cuestión ésta que constitúe o obxecto central e esencial de análise en relación coa viabilidade legal e o axuste a Dereito da pretensión que nos ocupa.

O estudio da documentación incorporada aos arquivadores nos cales se integra o conxunto de actuacións referidas ao Concurso de Traslados correspondentes ao ano 1989 permite deducir, sen demasiada complicación, unha clara circunstancia: o cambio de corpo e escala de parte do persoal municipal, efectuado a través dun sistema reservado para a provisión de postos de traballo.

Sen prexuízo de que podería realizarse un estudio exhaustivo das peculiaridades inherentes ao citado proceso, así como aos informes xurídicos emitidos no marco da tramitación do mesmo (vid. a título ilustrativo, Informe emitido polo Secretario Xeral en data 10/05/1990, páxina 5, parágrafo segundo) susceptibles de cuestionar no seu momento a legalidade do mesmo, certo é que, á data actual, tratándose de actos firmes e consentidos, resultaría extemporáneo e improcedente cuestionar o axuste á legalidade vixente –no momento da súa aprobación de desenvolvemento- do citado concurso. Por tanto, e analizando a viabilidade legal da petición de reingreso obxecto do presente expediente, debe manifestarse o seguinte:

7. O Concurso de Traslados correspondente ao ano 1989, como consta en Acordos Plenarios de datas 28/02/1989 e 04/04/1989, agrupou nun único proceso dúas clases de procedementos: un procedemento de provisión de postos de traballo ou cambio de destinos (concurso de traslados propiamente dito) e un proceso -cando menos peculiar- de cambio de corpo e escala dos efectivos municipais. Este último e paradigmático procedemento conlevou unha alteración do vínculo xurídico de parte dos efectivos municipais (no caso que nos ocupa, funcionarios con praza en propiedade de policía municipais, Escala de Administración Especial, Corpo da Policía Local, pasaron a ser titulares de prazas de auxiliares de Administración Xeral, Escala de Administración Xeral, Corpo auxiliar, non amparada nas previsións da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, nin do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en canto á regulación, establecemento e ingreso nos Corpos e Escalas nos cales se articula a función pública local.
8. Resulta obvio, en consecuencia, que se produciu unha alteración do vínculo xurídico entre a Administración Pública e o funcionario/a nomeado con cargo á nova praza; alteración da relación de servizo bilateral e expresamente consentida polos efectivos participantes no concurso mencionado, por canto que non só manifestaron a súa vontade de tomar parte no mesmo, senón que aceptaron o nomeamento con cargo ás prazas de auxiliares de Administración Xeral con efectos retroactivos da toma de posesión, e en todo caso, co límite temporal do 1 de xaneiro do 1988, como se estableceu no Decreto da Alcaldía de 30/05/1990 mencionado nos antecedentes. Por tanto, sen prexuízo da determinación da data de efectos -susceptible de discusión- e aplicando o criterio temporal máis favorable á reclamante

(efectos da data da notificación do Decreto de nomeamento, 08/06/1990) pode considerarse que dende dita data a citada funcionaria non é xa titular de unha praza de policía municipal (na actualidade, policía local) nin está integrada no dito corpo, por terse integrado, a través de actos firmes e consentidos pola mesma, na Escala de Administración Xeral con cargo a unha praza de auxiliar.

9. A situación descrita non resulta susceptible de reversión, dada a alteración do vínculo xurídico indicada, que conlevou a inherente “transformación” de unha praza de policía municipal en unha praza de auxiliar de Administración Xeral, perdéndose en consecuencia toda pertenza ao Corpo policial como consecuencia da participación e conseguinte superación das probas de coñecemento integrantes do Concurso de Traslados indicado. Adicionalmente, non existe acto administrativo algún -expreso ou presunto- declarativo dunha eventual situación administrativa de excedencia da funcionaria solicitante; declaración que, en calquera caso, non sería armonizable coa esencia, contido e finalidade do Concurso de Traslados celebrado, o cal directamente contemplaba, en aplicación do disposto no Acordo Plenario de data 27/05/1989 (BOP nº 221, do 22 de setembro do 1989) a autorización para o cambio de escala (apartado III, letra b), segundo parágrafo). Consecuente e lóxicamente, debe concluírse que non cabe autorizar un reingreso a unha praza que non existe (por ter sido transformada) e con respecto á cal non existe dereito subxectivo algún susceptible de ser exercido pola reclamante, que xeito tanto expreso como tácito (tomando parte no concurso celebrado e desempeñando as funcións propias e inherentes á praza de auxiliar de administración xeral durante máis de 20 anos) manifestou a súa inequívoca vontade de permanencia no posto, sendo obriga e responsabilidade da mesma a actuación coa dilixencia debida contemplada no Código Civil no coñecemento das Bases rectoras do Concurso de traslados 1989, así como nas consecuencias da participación e superación do proceso de cambio de escala desenvolto.

II.- Debe salientarse que un dos principios fundamentais rectores do exercicio dos dereitos –que á vez constitúe un límite ao mesmo- é o da boa fe, tradicionalmente contemplado no sistema de Dereito Civil español (artigo 7 do vixente Código Civil) e incorporado á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) a través da reforma operada pola Lei 4/1999, cuxa plasmación no sistema de Dereito Administrativo se concreta, segundo a doutrina esoocializada (DIEZ PICAZO, L.), en tres aspectos:

-A prohibición de ir contra os actos propios (*nemo potest venire contra factum proprium*)

-A doutrina do retraso desleal no exercicio dos dereitos (*Verwirkung*, na doutrina alemana)

-A doutrina do abuso da nulidade por motivos formais (cando un negocio xurídico ineficaz a consecuencia dun defecto formal é voluntariamente cumprido polas partes, pode ser contrario á boa fe exercitar despois a acción de nulidade).

O primeiro dos puntos é o que resultaría susceptible de aplicación no presente suposto, toda vez que non resulta admisible que quen aceptou tomar parte nun proceso de cambio de escala hai máis de 20 anos solicite o reingreso sabendo a imposibilidade de materialización do mesmo, non existindo indicios suficientes como para presumir un eventual descoñecemento das consecuencias derivadas da participación no citado proceso; e máxime considerando o carácter de xeneralidade que revestía ao mesmo (ao afectar a un número significativo de efectivos) e ao estar activamente implicada, de cara ao desenvolvemento dos procesos e xestión das incidencias dos mesmos nos traballadores, a representación sindical dos empregados públicos municipais –como así se observa da lectura detida das actas, acordos e documentación obrante

nos expedientes administrativos correspondentes ao Concurso de Traslados 1989- no deseño, articulación e materialización práctica do cambio de escala efectuado

III.- Consecuentemente, e en atención ao anteriormente exposto, procede desestimar a pretensión formulada, por inexistencia de obxecto da mesma.

Vistas as competencias delegadas ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 17/06/2011, en canto á declaración de situacións administrativas do persoal municipal, e de conformidade coa motivación que antecede, elévase ao dito órgano municipal a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

“Primeiro.- Desestimar a solicitude de reingreso ao Corpo da Policía Local presentada en escrito de data 27/09/2012 (documento nº 1200111139) por D^a María Begoña Liboreiro Meira, con nº de persoal 14380, en atención á motivación exposta no informe xurídico-proposta de resolución que antecede.”

“Segundo.- Notifíquese o presente acordo á solicitante, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.”

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

31(1568).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA INTERINA D^a FÁTIMA DUEÑAS CORCHERO. EXPTE. 23639/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, do 16.11.2012, que di o que segue:

Con data 7 de novembro de 2012, recíbese no Servizo de Recursos Humanos solicitude (doc. 120131762) presentada a través do Rexistro Xeral por D^a Fátima Dueñas Corchero, con número de persoal 80702, funcionaria interina adscrita ao Servizo de Turismo, no que solicita un permiso non retribuído durante o período comprendido entre o 9 de xaneiro e o 9 de abril de 2013, de conformidade co previsto no vixente Acordo Regulador.

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

1º.- A solicitante leva prestando servizos neste concello de forma interrompida un total de trinta e tres meses.

2º.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, no seu art. 17.a) contempla o dereito dos empregados municipais a

un permiso non retribuído por causa xustificada, e sempre que o permitan as necesidades do servizo, de tres meses como máximo cada dous anos, en períodos mínimos de 15 días.

3º.- Pola Xefa do Servizo de Turismo e Comercio co conforme do Sr. Concelleiro-Delegado da Area, infórmase que non existen razóns determinantes que impidan acceder ao solicitado.

Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Ley 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- Autorizar a D^a Fátima Dueñas Corchero, con número de persoal 80702, funcionaria interina adscrita ao Servizo de Turismo, un permiso non retribuído durante o período comprendido entre o 9 de xaneiro e 9 de abril de 2013 (ámbolos dous incluídos) de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Sra. Xefa de Turismo, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social, Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

DECRETO

Vista a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

32(1569).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a ELVIRA GONZÁLEZ GALLEGO. EXPTE. 23655/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, do 16.11.2012, que di o que segue:

Con data 15 de novembro de 2012, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 120134594), D^a. M^a Elvira González Gallego (DNI 36.032.671-C) e nº de persoal 12776, xefa de negociado de Estatística, adscrita a dito Servizo, solicita se lle conceda un permiso para atender

o coidado da súa nai a partir do 19 de novembro, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais

O art. 76.1.k) , do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta informe médico do estado de salud da súa nai.

Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

“Autorizar a D^a. M^a Elvira González Gallego (DNI 36.032.671-C) e nº de persoal 12776, xefa de negociado de Estatística, adscrita a dito Servizo, un permiso retribuído do 19 de novembro ao 18 de decembro de 2012, ambos inclusive, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado da súa nai.”

DECRETO:

Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

A presente resolución comuníquese a interesada, Sra. Xefa de Estatística, Xefa da Area de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local para coñecemento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

33(1570).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO D^a ALBERTO RODRÍGUEZ REY. EXPTE. 23668/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, do 20.11.2012, que di o que segue:

Con data 20 de novembro de 2012, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 120136967), D. Alberto Rodríguez Rey (DNI 35.991.804-R) e nº de persoal 6190, encargado de Protección Civil, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado da súa muller a partir do 22 de novembro de 2012, de forma descontinua, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do

decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais

O art. 76.1.k) , do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

O interesado aporta informe médico do estado de salud da súa muller.

Dado que dito artigo contempla que se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada non existiría ningún inconveniente en acceder ao solicitado, non obstante debe establecerse un tempo máximo para o seu disfrute e que por motivos organizativos, dentro da potestade de autoorganización das Administracións Públicas, considerase oportuno fixar un prazo máximo de 3 meses.

Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

“Autorizar a D. Alberto Rodríguez Rey (DNI 35.991.804-R) e nº de persoal 6190, encargado de Protección Civil, un permiso retribuído de 30 días que se iniciará o 22 de novembro de 2012 e rematará como máximo o 22 de febreiro de 2013, ambos inclusive, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado da súa muller.”

DECRETO:

Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

A presente resolución comuníquese ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado de Seguridade, Xefa de Seguridade, Xefa da Area de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local para coñecemento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

34(1571).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 51/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, DOS DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 310/2010, EN MATERIA DE DESPIDO (MONTSERRAT SOTO SÍO). EXPTE. 23622/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 29.10.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior,

e co informe do técnico de Intervención, do 9.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 51/2012 do Xulgado do Social Nº 5 dos de Vigo, no procedemento 310/2010, nos autos seguidos a instancia de D^a Montserrat Soto Sio (DNI 36109859-C) en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 4527/2010 de abono de indemnización por importe de 1.238,49 €, así como de salarios deixados de percibir do 1 de febreiro ao 21 de xuño de 2010, por importe de 10.008,87 €.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (640,57 €) e IRPF (1.501,33€), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 005112. (9.150,46 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L02) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 1 de febreiro a 21 de xuño de 2012.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe de Desenvolvemento Local e Empregos, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

35(1572).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 159/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4, EN MATERIA DE CANTIDADES (ELISA CASAL PRIETO E OUTROS). EXPTE. 23539/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 11.10.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 27.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 159/2012 do Xulgado do Social Nº 4 dos de Vigo, no procedemento 9/2008, nos autos seguidos a instancia de D^a Elisa Casal Prieto (DNI 34.956.911-Q), D^a Eva M^a García Barbosa (DNI 32.640.577-N), D. Xose Alberte Cea Rodríguez (DNI 36.120.723-M) e D^a Belén Pérez Freire (DNI 36.101.261-R) en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso

3471/2008 de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de decembro de 2006 a 31 de marzo de 2008, por importe de 81.371,40 €, máis 13.067,42 € presupostados de intereses.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo dos traballadores (2.802,29€) e IRPF (12.205,20 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3629 0000 64 015912. (79.431,33 € -66.363,91 € de principal e 13.067,42 € presupostados de intereses)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 1 de decembro de 2006 a 31 de marzo de 2008.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe de Desenvolvemento Local e Empregos, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

36(1573).- EXECUCIÓN PARCIAL DE TÍTULOS XUDICIAIS 161/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, DE VIGO, NO PROCEDEMENTO 791/2011, EN MATERIA DE CANTIDADES (SUSANA Mª DAVILA BARBA). EXPTE. 23650/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 12.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 27.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución parcial de títulos xudiciais 161/2012 do Xulgado do Social Nº 5 dos de Vigo, no procedemento 791/2011, nos autos seguidos a instancia de Dª Susana Mª Davila Barba (DNI 32779068-C) de cantidades por un importe total de 12.000,00 € (10.554,20 € de principal e 1.445,80 € presupostados provisionalmente para costas e intereses), por diferencias salariais correspondentes ao período de 1 de setembro de 2010 a 30 de abril de 2011.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (666,27 €) e IRPF (1.561,56€), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 016112. (9.772,17 €

-8.326,37 € a percibir pola traballadora e 1.445,80 € provisionais para costas e intereses-)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo periodo de 1 de setembro de 2010 a 30 de abril de 2011.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe de Desenvolvemento Local e Empregos, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

37(1574).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 118/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 644/2007, EN MATERIA DE RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES (PAULA CREMADES PAZ, EVA SUSANA CANDEIRA RODRÍGUEZ E MONTSERRAT SOTO SÍO). EXPTE. 23651/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 12.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 27.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“**PRIMEIRO.-** Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 118/2012 do Xulgado do Social Nº 5 dos de Vigo, no procedemento 644/2007, nos autos seguidos a instancia de D^a Paula Cremadez Paz (DNI 36099545-X), D^a Eva S. Candeira Rodríguez (DNI 35563864-E) e D^a Montserrat Soto Sio (DNI 36109859-C) en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 2084/2008 de recoñecemento de dereito e cantidades por un importe total de 54.668,40 € (41.415,47 € de principal, 4.141,54 € 10% de mora, 9.111,40 € presupuestados provisionalmente para intereses e cotas e 200,00 € en concepto de honorarios de letrado), por diferencias salariais correspondentes ao período de agosto de 2006 a novembro de 2007.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo das traballadoras (2.650,59 €) e IRPF (6.212,32 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 011812. (46.005,50€)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 1 de agosto de 2006 a 30 de novembro de 2007.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe de Desenvolvemento Local e Empregos, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

38(1575).- LIQUIDACIÓN DE XUROS NA EXECUCIÓN 290/2011, SENDO DEMANDANTE ANA MOURIZ MARTÍNEZ, EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO 977/2010. EXPTE. 23464/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 21.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 27.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, na execución 290/2011, procedéndose ao abono da cantidade de 339,36 € en concepto de intereses unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3627 0000 64 029011.

39(1576).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 81/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4, DE VIGO, NO PROCEDEMENTO 3/2008, EN MATERIA DE CANTIDADES (PATRICIA MARTÍNEZ GONZÁLEZ). EXPTE. 23465/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 21.11.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 26.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“**PRIMEIRO.-** Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 81/2012 do Xulgado do Social Nº 4 dos de Vigo, no procedemento 3/2008, nos autos seguidos a instancia de D^a Patricia Martínez González (DNI 36115562-L) en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 2987/2008 de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de novembro de 2007 e 31 de outubro de 2007, por importe de 13.387,82 € de principal, 200 € de honorarios de letrado e 2.174,05 € de intereses por mora.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (856,82 €) e IRPF (2.008,17€), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3629 0000 64 008112. (12.896,88 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo periodo de 1 de novembro de 2006 a 31 de outubro de 2007.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe de Desenvolvemento Local e Empregos, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

TURISMO

40(1577).- PROXECTO DE EXECUCIÓN E DOTACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE VIGO E A SÚA RÍA, NO LOCAL Nº 4 DE CÁNOVAS DEL CASTILLO Nº 3. EXPTE. 4588/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo, do 28.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, e co informe do Interventor Xeral, do 27.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o “Proxecto de execución e dotación do centro de Interpretación de Vigo e a súa Ría” no local nº 4 de Cánovas del Castillo nº 3.

URBANISMO

41(1578).- DAR CONTA DAS COTAS DE URBANIZACIÓN ADEBEDADAS QUE SE REMITEN AO TESOUREIRO PARA QUE DITE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO. EXPTE. 5008/401.

Dáse conta das cotas adebedadas que se remiten ó Tesoureiro para o inicio da vía de constrinximento, segundo informe da técnica de Admón. Xeral e do xefe dos Servizos Centrais, do 20.11.2012, conformado pola Xerente da XMU.

Quedar enterada das cotas de urbanización adebedadas por D^a. María Montes Criado á Xunta de Compensación da AOD A-4-06 Praza de España, contidas no seguinte cadro, e que se

remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de constrinximento:

Membro debedor da Xunta de Compensación da A-4-06 Praza de España	Importe adebedado
Criado Montes, María (35.928.785-W)	65.563,61 € (16 % IVA incluído) + 28.881,95 € (18% IVA incluído) = 94.445,56 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

XUVENTUDE

42(1579).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XGL DO 8.06.2012, NA CANTIDADE QUE FIGURA NAS “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO ANO 2012”. EXPTE. 3684/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xuventude, do 19.11.2012, conformado pola xefa do servizo e pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- No acordo de data 8 de xuño das “Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís no ano 2012” onde consta a cantidade de 15.000€, débese rectificar pola de **10.000€**”

43(1580).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS, EN CONCEPTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA NENOS E NENAS DURANTE A PRIMEIRA QUINCENA DE SETEMBRO. EXPTE. 3668/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude, do 2.11.2012, conformado pola concelleira delegada da área e pola concelleira de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 20.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número 1/2012 de data 10 de outubro de 2012 de Plan Comunitario de Teis, C.I.F. G-36971960, por importe de 13.730,00 € en concepto de actividades de dinamización para nenos e nenas de 6 a 14 anos, durante a primeira quincena de setembro con cargo á partida 3370

2279912 “Campamentos de Verán” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Plan Comunitario de Teis, C.I.F. G-36971960, por importe de 13.730,00 € en concepto de actividades de dinamización para nenos e nenas de 6 a 14 anos durante a primeira quincena de setembro con cargo á partida 3370 2279912 “Campamentos de Verán” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012”.

FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

44(1581).- AUTORIZACIÓN PARA REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA URBANIZACIÓN DA ÁREA DOTACIONAL AD-6 DISCONTINUA SAN SEBASTIAN-ABELEIRA MENÉNDEZ, SEN IMPORTE ADICIONAL. EXPTE. 2269/443.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 29.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorización para iniciar o correspondente expediente de modificación do proxecto aprobado e proceder á redacción do Proxecto **MODIFICADO Nº 1 DA URBANIZACIÓN DA ÁREA DOTACIONAL AD-6 DISCONTINUA SAN SEBASTIÁN-ABELEIRA MENÉNDEZ, SEN IMPORTE ADICIONAL**, que recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento do proxecto aprobado inicialmente.

45(1582).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Isaura Abelairas Rodríguez